

Oración

MONICIÓN - SAÚDO

LECTURA BÍBLICA: MT 28,16

OS ONCE DISCÍPULOS FÓRONSE PARA GALILEA Ó MONTE ONDE XESÚS OS CITARA. XESÚS, ACHEGÁNDOSE, DÍXOLLES: - DÉUSEME TODO PODER NO CEO E MÁIS NA TERRA. IDE, POIS, E FACEDE DISCÍPULOS MEUS A TÓDOLOS POBOS, BAUTIZÁNDOOS NO NOME DO PAI E DO FILLO E DO ESPÍRITO SANTO; ENSINÁNDOLLES A GARDAR CANTO VOS MANDEI. ASEGÚROVOS QUE EU ESTAREI SEMPRE CONVOSCO ATA A FIN DO MUNDO.

CREDO DO CATEQUISTA

- ✠ QUEREMOS SER PALABRA QUE ESPERTA ILUSIÓN E ESPERANZA.
- ✠ QUEREMOS SER BERRO QUE INQUEDA E DENUNCIA.
- ✠ QUEREMOS SER AMIGO QUE ANIMA E FORTALECE.
- ✠ QUEREMOS SER MIRADA QUE PENETRA NOS GRANDES MISTERIOS DA VIDA.
- ✠ QUEREMOS SER ECÒ DO DEUS BO E SALVADOR.
- ✠ QUEREMOS SER BEIZOS, MANS E PÉS PRESTADOS A XESÚS DE NAZARET.
- ✠ QUEREMOS SER SEMENTE DE NOVA HUMANIDADE.
- ✠ QUEREMOS SER FERMENTO DE COMUNIDADES RENOVADAS.
- ✠ QUEREMOS SER VOCEIRO DAS MISERIAS E ESPERANZAS DO POBO.
- ✠ QUEREMOS SER PREGÓN QUE ANUNCIA A SALVACIÓN DE DEUS.
- ✠ QUEREMOS SER LUZ QUE ILUMINA OS CAMIÑOS DOS HOMES.
- ✠ QUEREMOS SER TESTEMUÑAS DA PRESENCIA DE DEUS NO MUNDO.
- ✠ QUEREMOS SER ESPERANZA PARA OS TRISTES E AFLIXIDOS.
- ✠ QUEREMOS SER PONTE QUE UNE ÓS HOMES CON DEUS.
- ✠ QUEREMOS SER GUÍAS QUE ACOMPAÑAN NO SEGUIMENTO DE XESÚS.
- ✠ QUEREMOS SER COMUNIDADE QUE TESTEMUÑA O AMOR.
- ✠ QUEREMOS SER GRUPO DE CATEQUISTAS QUE COMPARTEN VIDA, FE E TRABALLO.

CANTO:

ILUMINA, SEÑOR, COAS TÚAS VERBAS O CAMIÑO QUE NÓS TEMOS QUE ANDAR. ^(bis)
Desexamos, Señor, que a túa Palabra, teña vida no noso interior,
e fagamos un mundo de esperanza, unha vida mellor.